

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de novembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día dous de novembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2047).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e dúas extraordinarias e urxentes do 19 de outubro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(2048).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DE SERVICIOS PARA A ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN XERAL DE LIQUIDACIÓN E XESTIÓN DE IBI URBANA COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER). EXPTE. 8260/113.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación en data 27/10/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.164,48 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(2049).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017. EXPTE. 13824/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 4/10/17, asinado polo xefe do servizo de Emprego, o secretario de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Emprego, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, leva a cabo programas e proxectos, sendo uns dos seus principais obxectivos fomentar o emprego, así como o autoemprego e a creación de novas empresas. Neste senso, encádrase, entre outros, o “Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas”, como unha medida de reforzo das axudas que outras administracións convocan anualmente para os novos emprendedores, e máis, na actual coxuntura económica.

Deste xeito, co obxecto de apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais, xeradores de emprego, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 20 de abril de 2017, aprobou as bases reguladoras da convocatoria do ano 2017 das Axudas Municipais á Creación de Empresas, cunha disposición total de 65.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 “Axudas á creación de empresas” do Estado de Gastos do orzamento de 2017 contabilizándose o RC Núm. 201700036735 (achégase copia do informe de intervención). Estas axudas foron publicadas no BOP nº 99, do mércores 26 de abril de 2017 e difundidas mediante unha campaña de publicidade na prensa e na páxina web do Concello de Vigo.

O concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, con data 27/09/2017, conforme ao establecido coa base 3ª, apartado 3.2, resolveu nomear a Comisión de Valoración e Seguimento que preside (achégase copia do documento).

Examinadas as solicitudes, pola comisión de valoración e seguimento das axudas municipais á creación de empresas 2017, nomeada para tal fin, baremáronse segundo o apartado 1.6. aquelas que cumpriron a base 1ª, no seu apartado 1.2 Beneficiarios, o apartado 1.3. Requisitos Xerais dos/as beneficiarios/as e o apartado 1.4 Obrigas. Como o montante total das solicitudes debidamente presentadas superaba o orzamento previsto para tal fin, logo de aplicar os criterios de avaliación establecidos na base 1.6.1, fíxose necesario ordenar segundo a puntuación obtida en forma descendente, polo que os importes a subvencionar son os calculados, para cada solicitante, segundo o previsto na base 1.6.2, ata esgotar a cantidade máxima autorizada de 65.000€.

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local “o

desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal”.

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, art. 123 e art. 124, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses (como recolle o art. 8.1 e o art. 46.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo.

Por todo o exposto, e en base á acta da Comisión de Valoración e Seguemento do 3 de outubro de 2017, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Conceder axudas por un importe total de 65.000€ (sesenta e cinco mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 “Axudas á creación de empresas”, para as solicitudes que acadaron unha maior puntuación, segundo os criterios de avaliación e polos importes calculados dacordo co tipo e/ou contía das axudas e gastos subvencionables, segundo o seguinte cadro:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO	SUBV.A CONCEDER
14159/77	CAFETERÍA TRAVIESAS, SL	B27828664	26,4	3.000,00 €
14143/77	MÓNICA VAL VÁZQUEZ	36110945W	24	3.000,00 €
14274/77	LAPIZ Y PAPEL SOC. COOP. GALEGA	F27834606	24	2.286,59 €
14280/77	NATURAL PIZZA, CB	E27837244	24	3.000,00 €
14214/77	MARTINESA ALIMENTACIÓN, SL	B27831619	22	2.276,63 €
14217/77	DDBA VET, S.L	B27824630	20	3.000,00 €
14238/77	EMMA RABADAN BLANCO, CB	E27837053	20	2.368,08 €
14129/77	MOLARES CARIDE, CB	E27828581	18	3.000,00 €
14149/77	BOTICA 87, CB	E27832385	18	3.000,00 €
14181/77	GLORIA SEOANE OUBEL	36123326D	17,2	2.994,47 €
14158/77	PERSIANAS LA GUÍA, CB	E27841543	16	3.000,00 €
14192/77	WEDU SOCIEDAD & EDUCACIÓN, SL	B27834050	16	582,66 €
14205/77	MARTA PEREZ GARCÍA	36084532Q	16	1.104,23 €
14212/77	CARLOS GOMEZ FERNANDEZ	01937704T	16	3.000,00 €
14215/77	HOSTITALIA FOOD, S.L	B27840768	16	3.000,00 €
14216/77	CARDONA 2016, S.L	B27835214	16	3.000,00 €

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO	SUBV.A CONCEDER
14239/77	GONZALEZ Y TUBIO, CB	E27835313	16	2.835,21 €
14203/77	VANESSA GOMEZ TEIJEIRA	53195783A	14	3.000,00 €
14153/77	GÓMEZ MARTÍN, CB	E27839737	14	3.000,00 €
14273/77	ELEVEN SCHOOL, SL	B27828599	14	3.000,00 €
14275/77	VENSAT ELECTRODOMESTICOS, SL	53176859P	14	3.000,00 €
14077/77	DIEGO FONTÁN ALONSO	39486437Z	14	2.003,76 €
14115/77	RAQUEL CAMACHO DE ABREU	35582514L	14	537,09 €
14204/77	SNEAKER HEAD, SL	B27831585	14	2.003,76 €
14232/77	BOTTEGA DELLA PASTA, C.B	E27830447	14	2.003,76 €
14152/77	GARAXE START STOP VIGO, SL	B27833110	14	2.003,76 €

SEGUNDO.- Propoñer a denegación de axudas ás seguintes empresas, segundo o apartado 1.6 da base 1ª, para as solicitudes debidamente presentadas pero que acadaron unha menor puntuación de acordo co baremo establecido:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO
14127/77	NAIR RODRÍGUEZ POUSA	36165404C	14
14237/77	ISAURA COSTAS CORDOVES	36040710D	12,2
14277/77	BALTASAR PUJALES LORENZO	36087023T	12,2
14119/77	JAVIER ANTONIO OTERO RODRÍGUEZ	34917465S	12
14120/77	OSCAR FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	34976277Q	12
14125/77	DENISSE CAAMAÑO GÓMEZ	45861373V	12
14130/77	RUBÉN GONZÁLEZ SOMOZA	39486398K	12
14160/77	GUILLERMO GESTEIRO VÁZQUEZ	36087031P	12
14177/77	ESTEBAN ALONSO ALLERES	53192853V	12
14197/77	Mª ISABEL JORGE CARBALLO	76912617L	12
14198/77	TATIANA FEDORYAKA	X7898676Q	12
14200/77	GERALDHYNE LORRAYNE MIRANDA BARON	39491187A	12
14264/77	QUERALT MAQUINARIA Y ACCESORIOS TÉCNICOS, SL	B66288218	12
14279/77	AURPERMON, SL	B27818582	12
14180/77	ROSA SOTO COMESAÑA	36050564L	11,5
14210/77	SUSANA PAZOS PINTO	53170954Z	11
14085/77	PABLO CESAR PIÑEIRO LÓPEZ	36106541Z	10,8
14191/77	Mª ESTRELLA CABACO MIRAS	36127828A	10,64
14105/77	ANA ELENA CARPINTERO ALONSO	53178926M	10
14106/77	Mª CONSUELO GARCÍA MARIÑO	35452031S	10
14121/77	FRANCISCO CARLOS BRAVO SÁNCHEZ	36035171J	10

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO
14146/77	Mª SUSANA GONZÁLEZ PAZ	36069041G	10
14176/77	IRIA IGLESIAS RODRÍGUEZ	53191076B	10
14178/77	BEATRIZ GONZÁLEZ GÓMEZ	53188261W	10
14206/77	LAVANDERIAS LAVATRICE, SL	B27831650	10
14209/77	ESCUELA DANZA PASIÑOS, SLL	B27835784	10
14219/77	ROBERTO DOMINGUEZ ESTEVEZ	36117858S	10
14220/77	MARIA DOLORES MARTINEZ ROMERO	36070497B	10
14272/77	BRENDA MARTÍNEZ BERNARDO	39456214J	9
14082/77	NATALIA REY GIMENEZ	53190734Z	8
14103/77	RICARDO BUDIÑO MENDUIÑA	36168921H	8
14107/77	RUBEN PEIXOTO PEIXOTO	53178012B	8
14188/77	ADOLFO SÁNCHEZ MAS	39454019A	8
14189/77	SALUD PROGRESA, SLU	B27832922	8
14193/77	BEATRIZ PUENTES GRAÑA	36168355G	8
14196/77	SILVIA GONZALEZ HERMIDA	36151969V	8
14207/77	SOMOSUNCHINGO, S.L	B27839133	8
14208/77	YOLANDA HERMO RIVAS	77421968N	8
14221/77	SUSANA MARIA HERMES GOMES	54232970M	8
14222/77	ESTEFANIA BASTERO ALONSO	39467510Q	8
14224/77	ANDREA MARTINEZ PAZOS	39456203W	8
14229/77	MARIA DE FATIMA MONTAÑA CARBALLEIRA	53190037F	8
14262/77	JUAN FERNANDO VEIGA BAO	35560715R	8
14076/77	BEATRIZ FORTES OTERO	36146570T	6
14095/77	PABLO FERNÁNDEZ DACOSTA	36054252G	6
14096/77	LUIS IGNACIO FERREIRO GONZÁLEZ	44465229L	6
14102/77	CARLOS JOAQUÍN BALLESTEROS DIOS	36166214G	6
14144/77	AUTOSERVICIO LOS SOPORTALES, SL	B27831486	6
14145/77	SIGRY STEFFANY VIEIRA OROSCO	54384293B	6
14199/77	TANIA CANSINO RODRIGUEZ	36139630Y	6
14211/77	RUBEN RUA PRIETO	44479329C	6
14225/77	OSCAR RAMOS RODRIGUEZ	36098775E	6
14263/77	HANDBALL 7M, CB	E27835963	6
14278/77	FERNANDO GODOY LOPEZ	74876477T	6
14281/77	MANUEL PÉREZ RODRÍGUEZ	53193023A	6
14170/77	FABIÁN CARBO ITALIANI	36129738G	4
14226/77	NESTOR ALEJANDRO VERA MARAÑON	X8696807R	4
14283/77	MACHINE BROS INVESTMENTS, SL	B27832575	4

TERCEIRO.- Propoñer a denegación das axudas as seguintes empresas por incumprir cos requisitos, por non achegar a documentación requirida ou por renuncia, das solicitudes seguintes:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	CÓD. DENEGACIÓN (*)
14138/77	VERÓNICA DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ	34874445M	FIS
14183/77	CARMEN ROSENDE PEREIRA	36173970F	DEB
14187/77	EVA MARÍA LORENZO ALONSO	76998109C	FIS
14194/77	ALFONSO SALOMÓN VILA	39491441G	DEB
14201/77	GUOREN CHEN	Y0573670H	FIS
14202/77	BRAIS PINTOS ALVAREZ	53181681T	RE
14218/77	JAVIER SALDAÑA MARTIN	36069864E	DEB
14223/77	ROBERTO TABOAS FERNANDEZ	36148307N	RE
14227/77	JOSHUA RIVAS REGUEIRA	53193191X	DES
14228/77	JORGE LUIS SANCHEZ DOMINGUEZ	76731603S	DEB
14230/77	ANA ISABEL PEREZ JUSTO	77406683E	FIS
14231/77	ISAAC IGLESIAS LAGO	76997263W	FIS
14233/77	ADELA IGLESIAS PINTOS	36102324Y	FIS
14234/77	GABRIEL PEREIRA PEDREIRA	36115453W	DOC
14235/77	SANTIAGO HERNANDEZ GOMEZ	44454606E	DOC
14236/77	LUISA SUAREZ ESTEVEZ	36022713K	FIS
14240/77	IÑIGO PERFECTO PACHECO	36102032J	DEB
14241/77	BEATRIZ PACHECO ANTA	36083648Y	DOC
14276/77	INES ANTUNEZ GARCÍA	36145371C	FIS
14282/77	LUCÍA SANTIAGO DÍAZ	45905811L	DOC

(*) Segundo a táboa anterior de denegación de axudas, os códigos que aparecen, correspóndense cos seguintes conceptos:

CÓDIGOS DE DENEGACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPÁIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017

COD	CONCEPTO	BASE	APTDO.
FIS	Enderezo fiscal fora de Vigo	1ª	1.3.1
DES	Non estar en desemprego o promotor ou promotores (mín, 50% do capital social) na data de inicio da actividade.	1ª	1.3.3
DEB	Ter débedas co concello a empresa e/ou algún/s promotor/es	1ª	1.3.5
DOC	Falta de documentación requirida en prazo	4ª	4.2
RE	Renuncia	8ª	8.2

CUARTO: Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015, de LPAC, con indicación expresa:

De que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de

reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

QUINTO: Informar, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 141.1.c) da Lei 40/2015, de LRXSP, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(2050).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DUN PROXECTO EMPRESARIAL COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO. EXPTE. 14481/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado “**Iniciativas Locais de Emprego**” (ILES), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial **Federópticos Bernárdez, servicios de terapia visual** con enderezo en Vigo, promovido e presentado por D. Carlos Bernárdez Fernández, en calidade de promotora, por acadar as seguintes características:

O proxecto empresarial “**Federópticos Bernárdez, servicios de terapia visual**” é **innovador** na área de Vigo e consiste na creación dun centro de especialidades optométricas e venta de axudas ópticas, na que se presten ademais servizos de terapia ou rehabilitación visual, integrando os seguintes produtos e servizos:

- Venta de tratamentos e apoio, tanto ópticas como optométricas, co obxectivo de obter un rendemento visual óptimo, con deseño de programas de entramento e avaliación da mellora das capacidade visuais.
- Terapia visual.
- Axudas para baixa visión.
- Venta de produtos: lentes oftálmicas (monofocais, ocupacionais, bifocais, progresivas) e monturas; gafas de protección solar, lentes de contacto e solucións de mantemento das mesmas; lentes de contacto especiais (córnea irregular, control de miopía,..)

A empresa terá o seu domicilio social na r/ Elduayen, 22 baixo e adoptará a forma xurídica de empresario individual.

“**Federópticos Bernárdez, servicios de terapia visual**” é unha iniciativa empresarial innovadora que pretende introducir terapias activas para a mellora das habilidades visuais impli-

cadras no aprendizaxe, confort e rendemento visual, a través dun servizo personalizado dos tratamentos.

A empresa precisa dun investimento inicial de 40.000 €, sendo a financiación recursos propios do promotor 35.000 €, e financiación allea de 5.000 € a través de liña de financiación pública (Igape, ICO, ...) o financiación bancaria (préstamo).

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analizarlo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Economía, Emprego e Industria e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Promover ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado "**Federópticos Bernárdez, servizos de terapia visual** " promovida por D. Carlos Bernárdez Fernández, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(2051).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE ALEGACIONES E REQUERIMIENTO PARA SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS EN OBRA POLA EMPRESA UNIKA. EXPTE. 7279/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/17, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada da Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou *“adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)”*.

O contrato de ditas obras foi asinado con data 17/11/2014, e recolle un prazo de garantía de 120 meses, polo que a mesma remata o 08/06/2025, sendo a acta de recepción de 08/06/2015. Con data 6 de outubro de 2016, a dirección facultativa emite un informe no que se recollen diversas deficiencias apreciadas nas obras referidas.

A proposta do servizo de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local acordou na sesión do 28/10/2016, aprobar a PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, NO PRAZO DE GARANTÍA CONTRACTUAL.

Posteriormente, nunha comunicación dos arquitectos municipais dirixidas a este servizo, se informa que, realizada unha visita de inspección o 24 de marzo de 2017 aos locais municipais de Elduayen *“con el representante de UNIKA D. Gonzalo Aldrey en la que se pudo comprobar lo expuesto en el informe de los técnicos municipales de 06/10/2016. El 29/03/2017 se le enviaron por correo electrónico a D.Gonzalo Aldrey varias fotografías en las que se daba cuenta de varias fases de ejecución de obra para que dispusiera de los datos necesarios para plantear una solución a los problemas existentes”*, o que non foi solventado pola empresa en ningún momento.

Así as cousas, a Xunta de Goberno Local acorda, na sesión do 27/07/2017, incoar de novo expediente para reparar deficiencias nas OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES no prazo de garantía contractual.

Na data do 25/09/2017 se recibe no Concello un escrito da empresa UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A. (antes UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.) coas alegacións ó informe da dirección facultativa do 06/10/2016, escrito que se incorpora ó expediente co n.º trámite 436; estas alegacións son respondidas na data do 18/10/2017 polos arquitectos municipais (dirección facultativa durante a execución das obras), que se emite nos seguintes termos:

"INFORME Nº2 RELATIVO A DIVERSAS DEFICIENCIAS APRECIADAS NO ÁMBITO DA OBRA DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO E ESPAZOS SOTERRADOS BAIXO AS RÚAS ABELEIRA MENÉNDEZ E PRAZA DE ARGÜELLES.

Redactase o presente informe co obxecto de dar resposta ás alegacións achegadas pola empresa UNCISA (antes UNIKA Proyectos y Obras S.A.) en resposta ó informe municipal do 06/10/2016 de deficiencias no ámbito das "Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no que se inclúen os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a praza de Argüelles do Concello de Vigo".

Procedemos a dar conta da relación de deficiencias das que se solicitou reparación no informe municipal do 06/10/2016 incluíndo o resumo das alegacións da empresa adxudicataria e a valoración desa alegación.

1. MANCHAS BLANQUECINAS EN FACHADAS E ESCALEIRAS DA PRAZA ARGÜELLES

Informe Municipal do 06/10/2016:

"Varios treitos das fachadas de chapa pregada presentan deficiencias no seu acabado, con manchas blanquecinas e amarillentas que afectan tamén os rótulos dos locais comerciais e a diversos elementos da carpintería de madeira. A causa desta patoloxía semella atoparse no uso de lechadas de morteiro inadecuadas no tomado e/ou rexuntado do solado pétreo das pavimentacións efectuadas na parte superior, que ten sido diluída pola auga de chuvia, provocando arrastres con sedimentos calizos que danan seriamente os acabados dos diferentes paramentos verticais."

Alegación da empresa UNCISA do 19/09/2017:

"...Entendemos por tanto, que los depósitos sólidos blanquecinos sobre las fachadas de los locales y en las escaleras de la Plaza de Argüelles, no se corresponden con la solidificación del mortero empleado en la ejecución de la obra, sino que se trata de depósitos de cal procedente de las aguas que se filtran a través del terreno y que se depositan sobre los paramentos una vez que ésta llega a estos elementos."

Valoración municipal da alegación:

Tra-la consulta a diversos expertos chegamos á conclusión de que os devanditos depósitos blanquecinos xurden naquelas zonas nas que existe unha lámina impermeable baixo os recrecidos de asento dos pavimentos. Os morteiros dos recrecidos son porosos, a acumulación de auga nese recrecido pola existencia dunha lámina impermeable fai que se disolva o cal do cemento facendo acto de presenza en superficie. O proceso rematará cando se expulsen completamente os depósitos calcáreos e a limpeza das zonas afectadas pode facerse aplicando ácido clorhídrico rebaixado (augaforte) limpiando posteriormente a superficie.

Non ten nada que ver polo tanto ca xustificación achegada pola empresa.

Con todo, non é un problema responsabilidade da empresa construtora xa que no proxecto contemplábase a execución da impermeabilización sobre os locais municipais e a pavimentación desas superficies, que é o que realmente se executou.

2. VARANDAS DA RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E DAS ESCALEIRAS DE ACCESO Á PRAZA ARGÜELLES

Informe Municipal do 06/10/2016:

“Nas barandillas situadas sobre a rúa Abeleira Menéndez e escaleiras de acceso á Praza de Argüelles aprécianse diversos sináis de oxidación nestes elemento de protección, o que indica que seu tratamento, no que se contemplaba a reparación, lixado, imprimado e pintado, non foi correctamente executado.”

Alegación da empresa UNCISA do 19/09/2017:

“... Para visualizar las deficiencias en las barandillas, los técnicos se remiten a las fotos numeradas como Foto 13 y Foto 14, que se refieren a las zonas de anclaje de las barandillas con las pilastras.”

“Verdaderamente el objeto del Proyecto consistía en retirar parte de las barandillas existentes para su tratamiento mediante lijado, imprimado y pintado, pero resulta evidente que no corresponde a la vista del Proyecto retirar los anclajes de las barandillas sobre las pilastras en las que apoyan, que es justamente lo que los técnicos señalan como deficiencia.”

“... Entendemos por tanto, que no se aprecia sobre las barandillas actuales ninguna imperfección u oxidación debido a que la actuación por UNCISA estuviese mal ejecutada, como tampoco se reflejó en el momento de la recepción de la obra.”

Valoración municipal da alegación:

No desenvolvemento da obra desmontáronse por completo as varandas e as pilastras existentes e, no caso da varanda que se atopa sobre o local KM0 e sobre a Xoiería Pato, instaláronse novas pilastras de pedra. A instalación destas novas pilastras levou parella a instalación de novos anclaxes das varandas á pedra polo que consideramos que é responsabilidade da empresa adxudicataria a súa axeitada execución. Entendemos que existen vicios ocultos que non se poideron ver na data da recepción de obra e que nestes intres son presentes xa que existen pezas completamente oxidadas que non poderían atoparse nese estado se no desenvolvemento da obra se protexeran axeitadamente.

Polo tanto consideramos que é responsabilidade da empresa adxudicataria proceder ó cepillado e protección das zonas afectadas por oxidacións para o que se estima un prazo máximo de 15 días.

IMAXES DA ZONA SEN PILASTRAS NIN VARANDA

Dúas fases de execución: demolición de petos, impermeabilización e instalación de esperas para o anclaxe da varanda



3. ENTRADA DE AUGA E HUMIDADES NO LOCAL DA XOIERIA DELIA ROSENDE

Informe Municipal do 06/10/2016:

“Aprécianse entradas puntuais de auga e humidades neste local, sobre o que foi efectuada unha renovación integral da impermeabilización.”

Alegación da empresa UNCISA do 19/09/2017:

“...En este sentido ha de señalarse que sobre los locales comerciales no se ha realizado, de acuerdo con el contenido del proyecto “unha renovación integral da impermeabilización” como se cita, sino la impermeabilización de la zona que coincide en proyección vertical sobre los locales con la zona de la acera.”

“En las visitas efectuadas a dicho local, se comprueba que la entrada de las humedades de la Joyería Rosende se produce bajo la zona de la escalera, zona en la que se efectúa una reposición parcial del peldañado, sin poder garantizar la recogida de las aguas de filtración entre los distintos niveles, al no haber actuado directamente sobre la impermeabilización existente.”

Valoración municipal da alegación:

O pavimento que se atopa sobre a Xoiería Delia Rosende e o tramo de escaleira polo que se accede dende a Rúa Elduayen ata a Praza de Argüelles levantouse por completo para executar unha nova impermeabilización tal e coma se mostra nas seguintes imaxes:

IMPERMEABILIZACIÓN CUBERTA XOIERÍA DELIA ROSENDE

Dúas fases de execución: levantamento de chanzos da escaleira e instalación dos mesmos unha vez executada a impermeabilización



Impermeabilización da meseta e da rampa da escaleira cubrindo a totalidade do local ocupado pola Xoiería Delia Rosende



Polo tanto, non é correcta a explicación da empresa na que xustifica que “...se comprueba que la entrada de las humedades de la Joyería Rosende se produce bajo la zona de la escalera, zona en la que se efectúa una reposición parcial del peldaño, sin poder garantizar la recogida de las aguas de filtración entre los distintos niveles, al no haber actuado directamente sobre la impermeabilización existente.”

A existencia de humedades no teito do interior do local, na zona na que se atopa a caixa de seguridade, lindante ca fachada, é síntoma evidente dun problema de estanqueidade de que, como vicio oculto, entendemos que é responsabilidade da empresa adjudicataria solventalo polo que consideramos necesario executar a desmontaxe do panel de fachada existente nesa zona e comproba-lo punto de entrada de auga para executa-las proteccións necesarias que solventen o problema. Estímase un prazo máximo de 15 días.

4. CARPINTERÍA DE MADEIRA

Informe Municipal do 06/10/2016:

“En diversos elementos da carpintería de madeira (escaparates, portas de acceso ós locais) teñen aparecido fisuras e fendas de diversa consideración que poden deberse a un mal secado do material ou a unha deficiente protección do mesmo.”

Alegación da empresa UNCISA do 19/09/2017:

“...En relación con las carpinterías de madera ha de indicarse que durante la ejecución de la obra se opta por la ejecución de listones en madera laminada pintada, en lugar de los listones de pino pintados recogidos en el Proyecto, aprobado por la Dirección Facultativa, por las mejores prestaciones que presenta frente a la exposición ambiental a la que se verá sometida.”

“En este sentido, consideramos que para minimizar la afección de agua de lluvia y de las propias condensaciones interiores que se puedan producir, se podría reducir la exposición de los elementos de madera empleados mediante la introducción de drenajes en los calces que evite la hudedad o la instalación de bandejas de evacuación de dichas aguas.”

“En todo caso no se trata de una mala ejecución de la obra en la parte de carpinterías por parte de UNCISA, sino que, para alguno de estos elementos, la carencia de ciertos sistemas de drenaje que minimizarían su afección en contacto con el agua.”

Valoración municipal da alegación:

Os problemas indicados no informe municipal do 06/10/2016 son problemas de fisuracións das carpinterías polo que a xustificación aportada pola empresa non pode considerarse válida. As fisuracións das pezas de madeira non son resultado da afección da auga de chuvia nin das condensacións interiores xa que atopamos fisuracións non só nos tramos horizontais dos marcos das fiestras (elementos nos que existe una maior afección da auga de chuvia e das condensacións). Atopamos tamén os mesmos problemas nos tramos verticais e mesmo en tramos verticais das portas de acceso nos que non se pode xustifica-la súa existencia pola suposta carencia de sistemas de drenaxe.


Parece claro cos elementos de carpintería de madeira laminada encolada están a presentar indicios de delaminación en moitas das liñas de cola (problema de encolado na fabricación dos elementos). A existencia de nós en moitas zonas favorece ademáis a aparición desta patoloxía de delaminación xa que son elementos que introducen puntos de irregularidade no laminado.

Precísase que a empresa adxudicataria proceda a executa-la reparación das fisuras existentes (sellado e pintado) nun prazo máximo de execución de 15 días.

**IMAXES DO PROCE-
SO DE DELAMINA-
CIÓN DAS CARPIN-
TERÍAS DE MADEI-
RA LAMINADA**



Fisuras verticais en
elementos de carpintería



Fisuración en elementos horizontais con fendas que percorren a carpintería unindo os nós existentes na madeira



En consecuencia, procede dar traslado á empresa UNCISA das deficiencias sinaladas para que se proceda de xeito inmediato á súa subsanación, fixándose un prazo de 15 días para a revisión da execución destes traballos.”

Polo tanto, de conformidade co disposto no artigo 235 RDL 3/2011, de 14 de novembro, o artigo 167.1 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, a cláusula 32.2 e seguintes do prego de cláusulas administrativas: a cláusula 32.3 do prego de cláusulas administrativas responsabiliza ao contratista da conservación das obras con arranxo as instrucións que dite a dirección das obras, podendo o Concello, de incumprir as súas obrigas a contrata, executar os traballos a conta daquela; a cláusula 35.1 do PCA tipifica como infracción calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigas do contrato, e no apartado 3 especifica a infracción por cumprimento defectuoso do contrato calificando moi grave a execución manifestamente irregular do contrato,

formúlase ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:

PRIMEIRO: Desestimar as alegacións feitas pola empresa UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A. (antes UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.) en base ao informe dos arquitectos municipais do 18/10/2017.

SEGUNDO: Ordenar a UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A. (antes UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.) que proceda a executar as obras de reparación sinaladas no citado informe técnico dos arquitectos municipais de data 18/10/2017 dentro do prazo sinalado no mesmo (15 días, a contar dende a recepción da notificación deste acordo pola empresa).

TERCEIRO: Advertir a UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A. (antes UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.) que o incumprimento das súas obrigas no prazo sinalado suporá a execución destas por parte da Administración municipal a conta da mesma e a incautación da garantía correspondente.

CUARTO: Advertir a UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A. (antes UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.) que segundo o artigo 35.1 do PCA constitúe infracción administrativa as accións ou omisións que supoñan vulneración das obrigas do contrato mediante o cumprimento defectuoso do contrato e calificando moi grave a execución manifestamente irregular do mesmo.

QUINTO: Advertir a UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A. (antes UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.) que, con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá imponer ao contratista multas coercitivas segundo prevé a cláusula 36.1 do PCA, cando non se atenda ao requerimento previo que lle efectúe o responsable do

contrato para o cumprimento das súas obrigas, e de que a Administración poderá iniciar o correspondente expediente sancionador con independencia da obriga da empresa de reposición da situación alterada obxecto deste expediente, en base á cláusula 35.4 do PCA.

SEXTO: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer **recurso de reposición potestativo** ante o mesmo órgano que o dictou, no **prazo de un mes** –que entenderase **desestimado**, se non recae resolución expresa ou non se notifica ésta no prazo de un mes-, ou ben poderá **interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo** perante o Xulgado do Contencioso-administrativo nos casos sinalados no artigo 8 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción, no **prazo de dous meses**, contados dende o día seguinte á notificación do presente acordo resolutorio , sen prexuízo de interpoñer outro recurso que estime conveniente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(2052).- RECURSO DE REPOSICIÓN SOLICITUDE DE EXPROPIACIÓN POR MINISTERIO DA LEI. EXPTE. 242/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral e o xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES E FEITOS

Damos por reproducidos por mor das necesarias concisión e brevidade, e non incorrer en repeticións innecesarias, o relato de feitos e fundamentación xurídica contida no informe conxunto da Técnica de Admon. Xeral e a Xefa de planeamento e xestión de data 12.05.2017, do que tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión celebrada o 18.05.2017 e que serviu de base ao acordo adoptado pola Xunta de goberno local en data 25.05.2017, no que, entre outros pronunciamentos, se acordou,“(…) *Declarar a improcedencia da expropiación por Ministerio da Lei dos terreos referidos nos escritos presentados por D. Eduardo García Crespo, actuando en nome e representación da CMVMC de Teis, con entrada no Rexistro xeral da XMU os días 28.01.2015 (doc. 150011262) e 28.04.2017 (doc. 170061187) – presentados no Rexistro xeral da Xunta de Galicia os días 23.01.2015 e 26.04.2017, respectivamente-, e conseguintemente, do seu inicio, de acordo cos fundamentos supra transcritos (...)*”.

O amentado acto administrativo, que puña fin a vía administrativa, notificouse individualmente ao interesado no procedemento, con ofrecemento fronte ao mesmo, da posibilidade de interposición de recurso potestativo de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun mes (1), ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, contados ambos dende o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que consideren convenientes.

Fronte o devandito acordo, e dentro do prazo legal conferido ao efecto, con data do 03.07.2017 interpúñase no rexistro do edificio administrativo en Vigo da Xunta de Galicia (con entrada nesta XMU o 11.07.2017- doc. 170099355), por don Eduardo García Crespo na súa condición de presidente da CMVMC de Teis, o recurso de reposición amentado na

cabeceira, do que sen prexuízo de remitirnos ao seu exacto contido, procedemos a extractar as alegacións nel formuladas:

- Considera o recorrente que non é certo que segundo o PXOU de 1993 non se podan considerar como sistema xeral as instalacións existentes nas parcelas declaradas propiedade da CMVMC de Teis en relación as cales se solicita a expropiación por Ministerio da Lei, concluíndo que ditas instalacións trátanse de sistemas xerais en solo urbano, e como tales sometidas as ordenanzas de solo urbano.

- Continúa indicando que ditos sistemas xerais en solo urbano deben ter a consideración de equipamentos públicos, considerando incuestionable que tanto o zoo como os campos deportivos eran e son de carácter público, carácter público que segundo o recorrente quedou totalmente confirmado polo PXOU de 2008.

Polo que neste senso, e en base ao exposto solicita se deixe sen efecto a resolución impugnada e se dite unha nova na que se estime o presente recurso, no senso de declarar a procedencia da expropiación por Ministerio da Lei, toda vez que consideran que concorren os presupostos esixidos polo artigo 86 da LSG.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Normativa examinada

- PXOU-93, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 29.04.1993, no expediente nomeado de "Subsanación de deficiencias na adaptación do PXO-88 á Lei 11/1985 de adaptación da do Solo a Galicia" (DOG do 10.05.1993 e BOP do 14.07.1993)

- O RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e Rehabilitación urbana

- A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia,

- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG),

- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas,

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, coas súas diversas modificacións,

- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,

- A Lei 29/1998, do 3 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,

- A Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954,

- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),

- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.-A lexitimación para interpoñer o recurso de reposición correspóndelle en materia de urbanismo aos que posúan a condición de interesado, en base ao sinalado no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, e asemade a calquera persoa, ao abeiro da acción pública regulada no RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana e, na disposición adicional cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en diante LSG. No expediente axuízado e en canto a admisión do recurso presentado queda constatada e acreditada a condición de interesado do recurrente.

III.- O prazo para interpoñer o recurso potestativo de reposición consonte co sinalado no artigo 124 LPACAP é de 1 mes, dende a notificación ou dende a publicación do acordo aprobatorio.

Neste senso, tendo data de entrada o recurso de reposición no rexistro do edificio administrativo en Vigo da Xunta de Galicia o 03.07.2017 (con entrada nesta XMU o 11.07.2017- doc. 170099355) formulouse dentro do prazo positivizado pola normativa para a presentación do mesmo.

Xa que logo, admítese a trámite, ao observar todos os requisitos de tempo e forma esixidos polos artigos 123 e 124 da LPACAP.

IV.- Danse por reproducidos os fundamentos xurídicos contidos no informe suscrito conxuntamente pola Técnica de Admon Xeral do Servizo de planeamento e xestión conxuntamente coa Xefa do citado departamento o 12.05.2017, que serviu de base ao acordo adoptado pola Xunta de goberno local en data 25.05.2017 pola que se declarou a improcedencia da expropiación por Ministerio da Lei dos terreos referidos nos escritos presentados por D. Eduardo García Crespo, actuando en nome e representación da CMVMC de Teis, con entrada no Rexistro xeral da XMU os días 28.01.2015 (doc. 150011262) e 28.04.2017 (doc. 170061187) – presentados no Rexistro xeral da Xunta de Galicia os días 23.01.2015 e 26.04.2017, respectivamente-, e conseguintemente, do seu inicio, de acordo cos fundamentos supra transcritos.

A maior abastamento, cómpre precisar que as cuestións alegadas polo recurrente no presente recurso, xa foron resoltas no informe suscrito pola arquitecta municipal o día 09.05.2017, a cuxo contido íntegro nos remitimos, e no que concluíu que non pode considerarse que o PXOU-93 tivera previsto o destino a sistema xeral das parcelas descritas na advertencia e folla de aprecio presentadas pola CMVMC de Teis, ao non contemplarse nel, ben o seu destino a equipamento, ben a súa necesaria condición de público; Asemade no devandito informe se facía constar que debe considerarse que unha parte dese solo estaría clasificado como solo non urbanizable no PXOU-93 e resultaríalle de aplicación o réxime de solo rústico, por mor da DT1ª, apartado 2. da LSG, quedando subtraídos dos procesos de desenvolvemento urbanístico (STS do 22.12.2015 e 07.07.2014, entre outras);

Os informes anteditos se incorporan ao texto do presente e lle serven de motivación, consonte ao establecido no art. 88.6 da LPACAP.

V.- A Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reintroduciu o recurso de reposición no noso ordenamento xurídico, de carácter potestativo no seu art. 116, hoxe artigo 123 da LPACAP. O recurso de reposición resolverase polo mesmo órgano que ditou o acto recorrido, que pode confirmar o acto, desestimando o recurso, ou revogalo total ou parcialmente mediante un acto contrario imperio.

VI- A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de goberno local en virtude do preceptuado no artigo 127.1 d) da LRBRL, a proposta do Consello da XMU (artigo 10º dos Estatutos da XMU).

Polo que antecede e de conformidade cos referidos informes técnico e xurídico incorporados ao expediente de datas 09.05.2017 e 12.05.2017, respectivamente, que se incorporan ao texto do presente e lle serven de motivación, consonte ao establecido no art. 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse a Xunta de Goberno Local, se o estima procedente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar expresamente o recurso de reposición interposto por don Eduardo García Crespo, en representación da CMVMC de Teis, o 03.07.2017 no Rexistro xeral da Xunta de Galicia en Vigo, e que tivo entrada nesta administración o 11.07.2017 (doc. núm. 170099355), fronte ao acordo da Xunta de goberno local de data 25.05.2017, polo que se acordou declarar a improcedencia da expropiación por Ministerio da Lei dos terreos referidos nos escritos presentados por D. Eduardo García Crespo, actuando en nome e representación da CMVMC de Teis, con entrada no Rexistro xeral da XMU os días 28.01.2015 (doc. 150011262) e 28.04.2017 (doc. 170061187) – presentados no Rexistro xeral da Xunta de Galicia os días 23.01.2015 e 26.04.2017, respectivamente-, e conseguintemente, do seu inicio, con base ao sinalado no relato de feitos e fundamentos xurídicos do presente.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao recorrente na forma legalmente prevista, con indicación que contra o mesmo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da Xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo das accións legais que estimen pertinentes.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, con data 26/10/17, adoptou o seguinte acordo: “O Consello, por maioría, acorda elevar o presente acordo á Xunta de Goberno Local para a súa resolución”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(2053).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez